



# Formación Dixital

## Competencias dixitais intermedias





## 1 Que é FormaciónDixital?

É un innovador programa de formación para obter a capacitación dixital organizado pola **Xunta de Galicia**.


É **100% GRATUITO**, **100% ONLINE** e **100% TITORIZADO**.

Ten unha duración de 10 semanas nas que poderás desenvolver o curso **ao teu propio ritmo**.

Está dirixido **a toda a cidadanía a partir dos 14 anos**.

Está 100% financiado con **Fondos Next Generation UE**.

## 2 Que é unha competencia dixital?



É un conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes para usar a tecnoloxía de xeito creativo, crítico e seguro que permita ás persoas alcanzar os seus obxectivos para o traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o ocio, a inclusión e a participación plena na sociedade.

## 3 A quen está dirixido FormaciónDixital?

A toda a cidadanía de Galicia a partir dos 14 anos que teña interese e queira formarse en competencias dixitais.



## 4 Por que cursar FormaciónDixital?

Para mellorar o teu día a día e resolver situacións comúns como **os trámites coa Administración pública**, crear e xestionar **as túas redes sociais**, coñecer as **principais ferramentas de protección e seguridade**, **ampliar o teu mercado laboral** ou saber aplicar **a intelixencia artificial**.


Para obter un **diploma acreditativo** da formación completada emitido pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da **Xunta de Galicia**.

Para obter a preparación necesaria para presentarse ás probas do **ComDix**.\*

O ComDix é a certificación galega en competencias dixitais que promove a Administración galega e que acredita o nivel que ten unha persoa para utilizar as tecnoloxías dixitais no plano persoal, social e profesional

Servirá para demostrar ante calquera institución ou persoa o noso nivel de uso das tecnoloxías dixitais

\*Estes cursos formativos non outorgan directamente a certificación ComDix. Para isto é necesario presentarse ás probas de certificación convocadas pola Amtega.



## O curso

Duración de 10 semanas para desenvolver o curso ao teu propio ritmo **(sen horarios)**.

**Aprendizaxe guiada.** Realizaranse sesións grupais de acompañamento con especialistas para resolver dificultades e retos.

Formación amena e atractiva mediante materiais educativos, actividades prácticas e contido complementario. Para a súa finalización hai que aprobar o 80% das actividades avaliativas .

## Temario

1. Consulta e xestión da información dixital

2. Comunicación e colaboración


3. Creación de contidos dixitais

4. Benestar dixital: seguridade e protección

5. Marco dixital e resolución de problemas

# Formación Dixital

Competencias  
Dixitais



## CONTACTO

☎ 681 053 179

✉ info@formaciondixital.gal

[www.formaciondixital.gal](http://www.formaciondixital.gal)

